

BOLETÍN SINDICAL AGPTU. Nº 6

Informámosvos deseguido das cuestións sindicais máis relevantes acontecidas dende o último boletín remitido:

1. Nomeamentos.

O Presidente da Xunta de PDI laboral de Pontevedra, D. Bienvenido Díez Ferrer (UXT), foi elixido representante sindical no Consello de Goberno da Universidade, con voz pero sen voto.

2. Mesa de negociación.

Paseniño, este tema vai avanzando. Primeiro a nova Vicerreitora de Profesorado convocou aos representantes sindicais para presentarlles ao Vicexerente de Recursos Humanos. Máis recentemente houbo outra xuntanza na que se acordou unha mesa de trinta membros, quince da parte social e quince da Universidade. Como xa vos informáramos, a AGPTU contará cun representante nesa mesa. Os aspectos que quedan pendentes para completar o regulamento son a delegación de voto, o procedemento de convocatoria e quorum, e algúns detalles menores. A vicerreitora comprometeuse a remitir o texto sobre a mesa de negociación acordado na anterior xuntanza para facer as últimas correccións con vistas a aprobar definitivamente a normativa e logo o regulamento de constitución da mesa.

3. Reunión co Reitor:

Rematado o proceso electoral, o 5 de outubro os representantes sindicais de AGPTU, CIG e UXT acudimos a unha xuntanza co novo Reitor. Logo das obrigadas palabras de presentación de boas intencións presentamos as reivindicacións comúns a todos os sindicatos:

- a) Pór en marcha a mesa sectorial.
- b) Acadar o 70 % do profesorado estable (promesa electoral do programa da súa candidatura)
- c) Solución ao tema das pagas extraordinarias.
- d) Pór en funcionamento o Comité de Prevención.
- e) Resolver os desequilibrios existentes entre áreas de coñecemento.
- f) Representación sindical na Comisión de reclamacións.
- g) Elaboración dun protocolo con normas claras para a xustificación de méritos.

Polo de agora, a resposta do Reitor non pasou dos bos desexos. Agardamos que co tempo se concreten en feitos.

4. Acción Social

Recentemente a AGPTU remitiu un escrito a todo o profesorado manifestando a nosa disconformidade con diversos aspectos da convocatoria. Como supoñemos que o teredes recibido non insistimos neste boletín nese tema.

5. Contencioso sobre as pagas extraordinarias.

Para os que presentáchedes o contencioso, fíxose a data para o xuízo o día 15 de decembro.

6. Pagas extraordinarias.

A política de retribucións sobre pagas extraordinarias que seguiu no mes de xuño a Universidade de Vigo non está a cumprir co establecido no BOE do mércores 26 de maio do 2010. Concretamente, nese BOE establece a incorporación nas pagas extraordinarias do compoñente por méritos docentes (quinquenios). Xa que logo, a paga extraordinaria debería terse incrementado no mes de xuño a razón de 156,39 euros por quinquenio para cada catedrático e 126,67 euros por quinquenio para cada profesor Titular de Universidade. No mes de decembro as cantidades serán de 148,58 e 120,34 euros, respectivamente. O problema resulta especialmente grave se temos en conta a redución salarial que os funcionarios sufrimos este ano e que podería verse aliviada sen máis que a Universidade cumprira a lei. Neste caso, a diferenza do anterior que motivou o contencioso, non hai dúbidas de interpretación, polo que semella que á institución tanto lle ten perder un pleito máis que menos. O problema foille plantexado ao Reitor, que nun recente consello de goberno escudouse en estaren agardando un informe xurídico.

De calquera xeito, a XPTI en xuntanza do 13 de decembro acordou por unanimidade reclamar por escrito ao reitor o pago de todas as cantidades pendentes.

7. Cambios nos representantes

Comité de seguridade e saúde laboral: Deixa o posto Verónica Santalla del Río, incorporándose Leandro Alejano Monge (suplente Natividad Calvo Ruibal)

Acción social: Deixa o posto Pilar Molist García, incorporándose Generosa Fernández Manín.

Coma sempre, agradecer o traballo dos membros saíntes e desexarlle sorte aos entrantes.

8. Permisos e vacacións

Recentemente vimos de enviar ao profesorado da Universidade un documento sobre permisos e vacacións. Nas consideracións finais manifestamos a nosa intención de negociar unha normativa da Universidade sobre este tema. Calquera suxerencia, crítica ou aportación será ben recibida.

Polo de agora isto é todo. Só desexarvos unhas felices festas e unha mellor entrada no novo ano. E non esquezaades que tedes a vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese.

Saúdos e ata a próxima,

AGPTU - VIGO